

COMUNICADO Nº 121/23

30 DE MAIO DE 2023

ACLARACIÓN SOBRE A OBRIGA DE PARTICIPAR EN PROBAS EN MONTAÑA

Ante as diversas informacións publicadas a través das redes sociais e que non chegaron de forma oficial a ningún das canles de rexistro da Federación Galega de Automobilismo, vémonos na obriga de aclarar o seguinte:

A obriga de participar en una proba por provincia tan só será efectiva no caso de que organicen máis dunha proba nas mesmas, quedando invalidada esa norma no caso de cancelación dalgunha delas, tal e como está regulamentado.

Esta reivindicación xa fora acordada cos representantes da Montaña que se reuniron co presidente, Antonio Rodríguez Troitiño, ademáis doutras que igualmente están regulamentadas.

Dende a FGA sempre se mostrou unha vontade de diálogo e procura de consenso con todos os organizadores e participantes nas diferentes probas e modalidades e esa continuará a ser a mentalidade da nova directiva aínda que as canles para esas conversas deben seguir o camiño legal, con rexistro de entrada para todas e cada unha das solicitudes, tanto de federados como de deportistas.